

Da comezo ás 13:15 horas a sesión ordinaria da Comisión de Calidade na Sala de Xuntas virtual do Decanato, unha vez que se cubre o quórum preciso segundo se recolle na folla de asistencia.

Asistentes: Castro Fernández, Ana Esther; Castro Rodríguez, Fidel; Del Rio Otero, Coral; Falagán Mota, Jorge; López Míguens, M^a Jesús; Pazó Martínez, Consuelo; Piñeiro García, Pilar, Rodríguez de Prado, Francisco, Vidal Brea Jonathan e Vila Alonso, Mercedes.

Excusa ausencia: Bergantiños Cid, Gustavo

.....

A Orde do Día é a seguinte:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe da Vicedecana.
3. Aprobación, se procede, das metas de calidade da Facultade.
4. Rogos e preguntas.

.....

Punto 1. *Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.*

Apróbase por asentimento.

Punto 2. *Informe da vicedecana de calidade*

A vicedecana informa de varios asuntos:

- ✓ A posición da facultade no ránking da UVigo na convocatoria do Distintivo de Igualdade.
- ✓ O estado do proceso de acreditación do SGIC do centro.
- ✓ Os próximos informes que hai que elaborar nas titulacións de Grao e Máster dentro dos procedementos de Calidade da Facultade (Informes de satisfacción, Informes de Coordinación das titulacións; Informes do PAT...)

Punto 3. Aprobación, se procede, das metas de calidade da Facultade.

A vicedecana expón os motivos polos que se volve a traer á Comisión a definición das metas de calidade dos Graos e do centro. Comenta tamén a necesidade de que nos Máster en Economía e en Xestión do Desenvolvemento Sostible se definan obxectivos a acadar para os distintos indicadores.



No proceso de acreditación, os avaliadores suxeriron que era mellor definir as metas de calidade con máis precisión que as que se definiran para os Graos en ADE e Economía. Faise polo tanto unha proposta acorde coas suxestións da Comisión de acreditación.

A proposta **apróbbase por asentimento.**

Punto 7. *Rogos e preguntas.*

Non hai rogos nin preguntas.

Unha vez rematada a orde do día e sen outros asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 13:32h.

A Secretaria da Comisión

Ana Esther Castro

Vº e Pr.: O Decano

Jorge Falagán Mota

ACTA COMISIÓN DE CALIDADE 17/01/2022

Asistentes: Miguel Ángel Crespo Domínguez, Fidel Castro Rodríguez, Eduardo Jiménez Fernández, Coral del Río Otero, Francisco Rodríguez de Prado, M Jesús López Miguens, Pilar Piñeiro García y Consuelo Pazo Martínez y Rocío Rodríguez Daponte.

Desculpan a asistencia: Gustavo Bergantiño Cid, Ángeles Casal Giráldez e Mercedes Vila Alonso

Comeza a sesión ás 12.30 horas e se acorda un cambio na orde do día, trantando o punto 2 antes do punto 3.

ORDE DO DÍA:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (08/09/21).
- 2.- Comunicación do resultado do “Informe provisional de acreditación do Sistema de Garantía Interno de Calidade”.
- 3.- Validación, se procede, do plan de mellora derivado do informe de acreditación do MAIE.

Punto 1. Apróbase por asentimento a proposta de acta xuntada á convocatoria CC de 08/09/2021

Punto 3. Validación por asentimento, do plan de melloras derivado do informe de acreditación do MAIE.

Punto 2. Considérase o envío de alegacións ao “Informe provisional de acreditación del Sistema de Garantía Interno de Calidad”.

O decano informa que este mesmo día foi convocada unha reunión ás 9.30 horas con todos/as coordinadores/as dos títulos do centro (graos e másteres) para tratar este tema.

A vicedecana comunica que o centro se presentou o pasado mes de decembro de 2021 á segunda edición do distintivo de igualdade, e sobre as evidencias do SIGC para este curso, así como sobre o informe de coordinación, e o informe de revisión pola dirección.

Por último, infórmase que o grao en economía terá que presentar o informe de seguimento no mes de abril de 2022. Está previsto que este grado teña que renovar a acreditación no 2023.



Levántase a sesión ás 13.30 h.

Vºe Pr. Decano

Vicedecana de Calidade

Miguel Ángel Crespo

Rocío Rodríguez

ACTA COMISIÓN DE CALIDADE 25/01/2022

Asistentes: Miguel Ángel Crespo Domínguez, Gustavo Bergantiño Cid, Mercedes Vila Alonso, Eduardo Jiménez Fernández, Francisco Rodríguez de Prado, M Jesús López Miguens, Pilar Piñeiro García e Consuelo Pazo Martínez, Jonathan Vidal Brea, Tony Crespo (invitado) e Rocío Rodríguez Daponte.

Desculpan a asistencia: Coral del Río Otero, Ángeles Casal Giráldez e Fidel Castro Rodríguez.

Comeza a sesión ás 10.00 horas.

ORDE DO DÍA:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- 2.- Aprobación, se procede, do escrito de alegacións ao resultado do “Informe provisional de acreditación do Sistema de Garantía Interno de Calidade”.
- 3.- Rogos e preguntas

Punto 1. Apróbase por asentimento a proposta de acta do 17/01/22 que se xuntou á convocatoria.

Punto 2.

O membros da comisión de calidade, tras repasar o documento proposto e propoñer algunhas suxestións sobre o mesmo, aproban dito documento de alegacións e plan de melloras propostas ao “Informe provisional de acreditación do Sistema de Garantía Interno de Calidade”.

Punto 3. Non hai rogos nin preguntas

Levántase a sesión ás 11.00 h.

Vºe Pr. O Decano en funcións

Vicedecana de Calidade

Miguel Ángel Crespo

Rocío Rodríguez

ACTA COMISIÓN DE CALIDADE
8/02/2022

Asistentes: Miguel Ángel Crespo Domínguez, Gustavo Bergantiños Cid, Fidel Castro Rodríguez, Francisco Rodríguez de Prado, M Jesús López Miguens, Pilar Piñeiro García, Coral del Río Otero e Rocío Rodríguez Daponte.

Desculpan: Ángeles Casal Giráldez, Mercedes Vila Alonso, Eduardo Jiménez Fernández, Consuelo Pazo Martínez e Jonathan Vidal Brea.

Comeza a sesión ás 11.45 horas.

ORDE DO DÍA:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- 2.- Informe da responsable de calidade.
- 3.- Aprobación, se procede, dos plans de mellora derivadas das alegacións ao “Informe provisional de acreditación do Sistema de Garantía Interno de Calidade”.
- 4.- Aprobación, se procede, do procedemento DO-0301 P1 - Información pública e rendemento **de contas** (R1- DO0301 P1 -Verificación/Chequeo de Información Pública).
- 5.- Aprobación, se procede, do procedemento **DE-01 P1 - Xestión do PAS** (R2- PE01 P1 -Identificación das necesidades de formación do PAS do centro) e (R1- PE01 P1 - Identificación das necesidades (de contratación) de PAS do centro).
- 6.- Aprobación, se procede, do procedemento **PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI** (R3- PE02 P1 - Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades) e (R4- PE02 P1 – Ficha Programa/actividade de formación).
- 7.- Aprobación, se procede, do procedemento **IA01 - Xestión de recursos materiais e servizos** (R1-IA01 - Listaxe de necesidades de recursos e servizos).
- 8.- Situación do informe de coordinación do primeiro cuadrimestre.
- 9.- Rogos e preguntas.

Punto 1.

Apróbase por asentimento a proposta de acta xuntada á convocatoria, correspondente á Comisión de Calidade do 17/01/2022, e o documento de alegacións ao “Informe provisional de acreditación do Sistema de Garantía Interno de Calidad”.

O devandito documento foi enviado á AGSUC o luns 31 de xaneiro de 2022.

Punto 2.

Recibido o INFORME FINAL DE AVALIACIÓN PARA A RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN do MAiE, obtendo un cambio na valoración do criterio 1, “Organización da docencia”. Pásase a unha cualificación de B (anteriormente era un C).

A través do espazo común de MOOVI enviamos recordatorios ao alumnado de todos os títulos do centro, para incentivar a participación na enquisa de avaliación docente (EAD) correspondentes ás materias do primeiro cuadrimestre do curso 2021/2022.

O SGIC do centro correspondente ao curso 20-21 completou correctamente todas as evidencias, agás o procedemento R1- PE02 P1 - *Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)*, pendente do envío do informe resume por parte de calidade.

Con respecto ás titulacións do centro, no SGIC correspondente ao curso 21-22, debemos completar o seguinte:

DE-03 P1 - Revisión do sistema pola dirección.

R1-DE03 P1 - Informe de revisión do sistema pola dirección (15/03/2022)

DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza

R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación (15/10/2022)

DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas

R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares (15/06/2022)

Acabamos de recibir as enquisas dos empregadores realizadas no segundo semestre do ano 2021. Os resultados globais foron, o MTE un 4.21; el M economía 4.67; o grao en ADE 4.11 e o grao en economía 3.89.

Punto 3.

Apróbanse por asentimento os plans de mellora do Informe provisional de acreditación do Sistema de Garantía Interno de Calidade.

Punto 4.

Revisouse a información pública dos distintos títulos impartidos no centro, coa axuda dos/as coordinadores/as, para comprobar que dita información está disponible para as persoas usuarias.

Acórdase incorporar unha explicación na introdución do documento. Apróbase por asentimento.

Punto 5.

O administrador do centro nos achega as necesidades de formación do PAS, así como a necesidade de dúas persoas de apoio ao centro.

Apróbanse por asentimento.

Punto 6.

Remitiuse un correo a todo o PDI do centro para que nos indicasen as necesidades de formación. Detectáronse tres necesidades de cursos: Software libre R, inglés para a docencia e coaching educativo, que serán enviadas á área de Formación e Innovación educativa.

Apróbase por asentimento.

Punto 7.

O administrador do centro, xunto co equipo decanal analizan as necesidades da facultade en recursos materiais e servizos. O Decano informa sobre os gastos de reparacións e sobre unha partida orzamentaria para investimentos para poder cubrir as necesidades do centro.

Apróbase por asentimento.

Punto 8.

Estanse a elaborar os informes de coordinación correspondentes ao primeiro cuadrimestre. Valórase positivamente a presencialidade e obsérvanse grupos un pouco dispares en canto ao número de asistentes.

Punto 9.-

Solicítase que se pida ao alumnado que non se acumulen nos corredores, xa que as clases se están a impartir coas portas abertas e hai moito ruído. O decano informa que se están a colocar carteis para pedir silencio.

O coordinador do máster en finanzas comenta que realizan enquisas propias para medir a satisfacción do alumnado.

Solicítase que no curso de inglés se teña en conta o nivel do/a docente e que, preferiblemente, se realicen en períodos sen clase.

Levántase a sesión ás 13.15 h.

Vºe Pr. Decano

Vicedecana de Calidade

Miguel Ángel Crespo

Rocío Rodríguez

ACTA DA COMISIÓN DE CALIDADE
4/04/2022

Asistentes: Miguel Ángel Crespo Domínguez, Francisco Rodríguez de Prado e Rocío Rodríguez Daponte. Invitado Santiago Gómez Fraiz.

Virtual: M Jesús López Miguens, Pilar Piñeiro García, Consuelo Pazo Martínez, Fidel Castro Rodríguez, Eduardo Jiménez Fernández e Jonathan Vidal Brea.

Desculpan a asistencia: Gustavo Bergantiños e Mercedes Vila.

Comeza a sesión ás 16.45 horas, coa seguinte:

ORDE DO DÍA:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- 2.- Informe da responsable de calidade.
- 3.- Aprobación, se procede, do procedemento *DE 01 Programación e desenvolvemento estratéxico do centro*.
- 4.- Aprobación, se procede, do INFORME DE AUTOAVALIACIÓN do grao en Economía.
- 5.- Aprobación, se procede, do Informe de Revisión pola Dirección, IRD.
- 6.- Aprobación, se procede, dos plans de mellora
- 7.- Rogos e preguntas.

Punto 1.

Apróbase por asentimento a proposta de acta xuntada á convocatoria correspondente á Comisión de Calidade do 8/02/2022.

Punto 2.

A Vicedecana de Calidade informa sobre as seguintes cuestións:

- Foi recibido o INFORME FINAL DE CERTIFICACIÓN DA IMPLANTACIÓN DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE cunha resolución DESFAVORABLE.
- Resolución reitoral de 23 de marzo de 2022 pola que se publica a listaxe provisoria e concesión provisional da segunda edición do **DISTINTIVO DE IGUALDADE** destinado ás escolas, facultades e centros da universidade de Vigo, a nosa Facultade obtivo dito distintivo.
- Manual de Calidade INSTITUCIONAL. Na Comisión de Calidade da Universidade de Vigo, celebrada o día 22 de febreiro de 2022 foi aprobado o MANUAL DE CALIDADE INSTITUCIONAL, que inclúe 3 anexos; o anexo 1 de directrices, o anexo co novo mapa de procesos e o anexo 3 que recolle o manual do Sistema de Garantía Interno de Calidade.

- Reformouse o Manual de Calidade dos centros, polo tanto, a Facultade debe elaborar o novo manual de calidade e analizar qué persoas poden representar aos distintos colectivos na comisión de calidade do centro.
- Cambio da persoa coordinadora do Máster en Técnicas Estatísticas. Causa baixa Javier Roca Pardiñas e pasa a asumir a coordinación Leticia Lorenzo Picado.

Punto 3.

Na Comisión de Calidade da Universidade de Vigo aprobouse o procedemento *DE 01 Programación e desenvolvemento estratéxico do centro*, para que cada centro desenvolva o plan estratéxico. Este procedemento ten 2 anexos, o primeiro DO DE 01 Política e Obxectivos de Calidade da Facultade e o segundo é o esquema para elaborar o plan estratéxico.

Haberá una sesión de formación o martes 19 de abril, de 10.30 a 12:30. Edificio Miralles. Aula 1.

Apróbase por asentimiento o procedemento.

Punto 4.

Elabórase o Informe de seguimento externo do grao en Economía. No curso 2022/2023 este grao irá a ACREDITACIÓN.

Algúns membros da Comisión de Calidade solicitan máis tempo para poder ler detidamente o informe remitido coa convocatoria e poder realizar as súas aportacións, que serán analizadas e se convocará outra comisión de calidade para a súa consideración.

Punto 5.

Non hai consideracións sobre o Informe de Revisión pola Dirección. Falta a parte correspondente ao Máster en Técnicas Estatísticas.

Punto 6.

Empezamos a traballar nalgunhas das propostas dos plans de mellora.

Punto 7.

Comezou o prazo para cumprimentar as enquisas de satisfacción dos títulos oficiais.

Abranguerá do 1 de abril ao 17 de xuño. Poden participar:

- *O alumnado de grao que se matricula por 1ª vez no penúltimo curso. (3º curso para as titulacións de 4)*

- *O alumnado de máster que se matricula por 1ª vez no último curso.*

Para realizala existe una aplicación informática na secretaría virtual denominada “*Enquisas de valoración da satisfacción coas titulacións oficiais*”.



Levántase a sesión ás 18.15 h.

Vºe Pr. Decano

A Vicedecana de Calidade

Miguel Ángel Crespo

Rocío Rodríguez